

URBANISMO LOCAL CON PERSPECTIVA DE XÉNERO DESDE SILLEDA

CRISTINA BOTANA IGLESIAS, NATALIA CAMPOS FERRO E MARÍA NOVAS FERRADÁS

A incorporación da perspectiva de xénero á planificación urbana presentouse nas últimas décadas como unha ferramenta de innovación política e metodolóxica capaz de cuestionar as lóxicas capitalistas e androcéntricas dos modelos urbanos.

Camiño en Silleda. Foto: Cristina Botana.



A sí, o territorio deixa de ser entendido como un “soporte neutro” para infraestruturas e actividades económicas e pasa a ser lido como un espazo afectado por relacións de poder e prácticas cotiás que sosteñen a vida. Sen embargo, os estudos urbanos seguen maioritariamente centrados nas cidades e as súas áreas metropolitanas, mantendo os sistemas intermedios, as vilas, e o rural fóra do foco.

Xénero e planificación: unha experiencia galega

Neste escenario, os concellos rurais galegos enfróntanse a unha situación paradoxal. Por unha banda, as administracións locais asumen compromisos crecentes en materia de igualdade, sustentabilidade e dereitos, a través dos Plans de Igualdade, da Axenda 2030 ou de marcos normativos supramunicipais; por outra, adoitan carecer de estratexias urbanas propias, ferramentas metodolóxicas adaptadas e referentes próximos que lles permitan traducir estes compromisos en actuacións concretas sobre o territorio. A planificación segue sendo maioritariamente reactiva, fragmentada e sectorial, dificultando a construción dunha visión integral a medio e longo prazo. Neste contexto, resulta clave dotarse de documentos estratéxicos que permitan ler o territorio desde a complexidade da vida cotiá e orientar a toma de decisións públicas. Para que estas estratexias sexan efectivas, é imprescindible que se constrúan de maneira inclusiva, abrindo os procesos á participación cidadá e incorporando unha perspectiva de xénero interseccional que recoñeza a diversidade de corpos, tempos, idades e situacións vitais presentes no rural e nas vilas de pequena escala.

A diagnose urbana con perspectiva de xénero desenvolvida nos núcleos de Silleda e A Bandeira, na provincia de Pontevedra, entre marzo e xullo de 2025 constitúe unha experiencia singular en Galicia. Non só pola súa dimensión experimental, senón porque demostra de maneira directa que a teoría feminista é aplicable tamén en contextos menos densamente urbanizados. Probando que a perspectiva feminista é especialmente necesaria en territorios rurais e semiurbanizados, ou urbanizados de pequena escala, onde a dependencia do vehículo privado, a dispersión de servizos, a invisibilización do traballo de coidados e a fragilidade das infraestruturas públicas xeran desigualdades profundas e persistentes. Nun momento de grave retroceso nos enfoques de dereitos, feministas e territorializados, compre destacar a grande relevancia e excepcionalidade desta experiencia.

A diagnose deu continuidade ao proxecto estatal de investigación ESMAART (Enfoque Social para a Mellora Ambiental dos Asentamentos Rurais Tradicionais), coordinado desde a Universidade da Coruña en 2025, cuxo obxectivo foi desenvolver metodoloxías integrais para a planificación e rexeneración do rural galego desde unha perspectiva social, ambiental e inclusiva. No seu Work Package 2, dedicado á integración da perspectiva de xénero, elaborouse unha proposta de indicadores específicos para contornos rurais galegos, afastándose das adaptacións simplificadas de ferramentas urbanas e apostando por unha análise situada, multiescalar e interseccional.

A experiencia piloto de Silleda e A Bandeira serviu para testar, adaptar e ampliar esta metodoloxía, combinando análise técnica, traballo de campo e procesos participativos intensivos. Pero, sobre todo, funcionou como un exercicio político: un proceso de lectura colectiva do territorio que puxo en cuestión as prioridades tradicionais da planificación municipal e desprazou o foco cara á vida cotiá, os coidados e as experiencias encarnadas das persoas que habitan a vila.

Metodoloxía situada: indicadores, escalas e participación

Un dos elementos máis innovadores da diagnose foi a construción dunha metodoloxía adaptada ás condicións específicas do rural-intermedio galego. Partindo dunha primeira proposta de indicadores estruturados en tres compoñentes, pasando a unha estrutura baseada en cinco compoñentes (provisión de servizos, vitalidade, calidade ambiental, autonomía e seguridade e tecido social) e reorganizando os indicadores definidos inicialmente en dous indicadores por compoñente.

O décimo indicador, saúde ambiental, incorporouse para avaliar e visibilizar como as condicións climatolóxicas, a presenza de áreas verdes e vexetación, a calidade do aire, a sombra ou o confort térmico inflúen na habitabilidade e os usos do espazo público, recoñecendo que o benestar físico e climático son unha peza fundamental da igualdade territorial e da vida cotiá.

A análise desenvolveuse de maneira multiescalar recoñecendo que as desigualdades se producen e se reproducen en diferentes niveis e que as solucións non poden limitarse á escala do espazo público inmediato. Esta mirada ampla permitiu conectar problemáticas locais, como a falta de sombras ou de bancos, con cuestións estruturais como a organización do transporte público ou a distribución territorial dos servizos.



Obradoiro de mapeo colectivo en Silleda. Foto: María Novas.

A diagnose participada baseouse en reunións con diferentes axentes locais, roteiros urbanos, obradoiros de mapeo colectivo, cuestionarios e microentrevistas permitiron integrar as experiencias cotiás da poboación na diagnose. Especial relevancia tivo a participación das mulleres, incluíndo unha mesa específica con mulleres migrantes que aportaron a súa mirada sobre todas as cuestións analizadas a través da súa experiencia e outra proposta de participación dirixida a persoas con diversidade funcional, que asumiron un papel protagonista na lectura crítica do territorio, visibilizando tarefas e desprazamentos habitualmente invisibles para a planificación técnica.

Coidados, mobilidade e vida cotiá: o que o urbanismo non ve

Durante a diagnose constatouse que Silleda e A Bandeira contan cunha estrutura urbana relativamente compacta, que facilita a proximidade entre vivenda e servizos básicos. Non obstante, esta aparente vantaxe vese erosionada por múl-

tiples desaxustes: itinerarios peonís incompletos, barreiras arquitectónicas, espazos públicos pouco habitables e unha clara priorización do tráfico rodado. A ausencia de bancos, sombras ou espazos de descanso penaliza especialmente ás persoas maiores, ás crianzas e a quen realiza tarefas de acompañamento. A iluminación deficiente nalgúns puntos concretos e a falta de continuidade nos percorridos afectan á autonomía e á seguridade percibida, condicionando os horarios e os usos do espazo público, especialmente no caso da percepción de seguridade das mulleres.

A mobilidade emerxeu como un eixo crítico. Identificáronse diversas necesidades nos itinerarios máis comúns que se producen entre as aldeas e a vila, entre os dous núcleos urbanos que posúe o concello ou entre a vila e a cidade de referencia, Santiago de Compostela. A dependencia do vehículo privado no rural galego non é unha cuestión de elección individual, senón unha imposición estrutural derivada da falta de alternativas de transporte público eficientes e accesibles. Esta situación xera unha desigualda-

de profunda entre quen pode acceder a un vehículo privado e quen non, limitando o acceso á educación, á sanidade, ao emprego, ao ocio e á participación social. A diagnose puxo de manifesto como estas limitacións afectan de maneira desproporcionada ás mulleres, que polo rol social presentan unha mobilidade próxima e complexa.

Outro aspecto central foi analizar a autonomía e a seguridade no espazo público desde unha perspectiva feminista que vai máis alá da prevención do delito: como capacidade de habitar con confianza, visibilidade e recoñecemento, tamén nas dimensións física, ambiental e simbólica. A diagnose identificou zonas infrautilizadas e pouco acolledoras que reducen a diversidade de usos e corpos, e incorporou a calidade ambiental (confort térmico, arborado, pavimentos drenantes e protección ante eventos extremos) como eixo clave para unha planificación xusta e sostible en contexto de cambio climático.

Unha aproximación aos valores feministas no urbanismo galego

A diagnose urbana con perspectiva de xénero en Silleda e A Bandeira constitúe unha das primeiras experiencias en Galicia de aplicación sistemática da teoría feminista á avaliación urbana en contextos rurais e intermedios, sentando as bases para o desenvolvemento de estratexias e deseños urbanos máis inclusivos. O proceso permitiu, ademais, redefinir e mellorar os indicadores iniciais do proxecto ESMAART, xerando unha ferramenta metodolóxica flexible e transferible a outros concellos galegos.

A experiencia demostrou que a incorporación da perspectiva de xénero como criterio transversal nas políticas locais de ordenación do territorio non só é viable, senón especialmente pertinente. Neste sentido, resulta clave dotarse de documentos estratéxicos capaces de ler o territorio desde a complexidade da vida cotiá e orientar a toma de decisións públicas, sempre desde enfoques participados e cunha perspectiva de xénero interseccional que recoñeza a diversidade de corpos, tempos, idades e situacións vitais presentes no rural e nas vilas.

Os resultados da diagnose permitiron identificar deficiencias urbanas, establecer prioridades e iniciar actuacións concretas. Este proceso só adquire sentido pleno grazas ao compromiso político da administración local, que non só promoveu e financiou a diagnose, senón que asumiu desde o inicio o compromiso de integrar os seus resultados nas decisións públicas e nas estratexias municipais futuras. Sen esta implicación institucional, o exercicio tería quedado reducido a un informe técnico máis, desvinculado da acción.

En definitiva, o caso de Silleda cuestiona a centralidade urbana dos discursos sobre o dereito á cidade e as transformacións xustas, propoñendo unha extensión necesaria cara ás vilas e aldeas galegas. Ao situar a vida cotiá, os coidados e a participación no centro da política urbana, esta experiencia contribúe a construír o dereito á vila e á aldea como un dereito colectivo que tamén se xoga nos territorios aparentemente periféricos, ofrecendo un referente crítico para repensar o futuro do rural galego desde unha perspectiva feminista, democrática e arraigada no lugar.

NOTA SOBRE AS AUTORAS

Cristina Botana Iglesias é doutora arquitecta (UDC, 2021), colaboradora docente na Universitat Oberta de Catalunya (UOC) e investigadora especializada en ecofeminismos e estudos decoloniais aplicados ao territorio. Entre os seus últimos traballos destaca o proxecto *A Coruña entre memorias. Historia, colonialismo e identidade*.

Natalia Campos Ferro é arquitecta e urbanista en exercicio profesional libre, mestrande en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural pola Universidade de Vigo (UVigo). Desenvolve a súa actividade profesional con especial interese polas relacións entre xénero, patrimonio e territorio, abordadas desde enfoques de participación cidadá.

María Novas Ferradás é doutora arquitecta, profesora e investigadora na Cátedra da Historia e Teoría do Deseño Urbano e editora académica da revista científica *gta papers*, no Institute for the History and Theory of Architecture (gta) da ETH Zurich en Suíza.